

María Lopo reedita as memorias de María Casares e o seu libro sobre ela

por MARCELA BAO

Neste ano 2022, no que se cumpre o primeiro centenario da actriz galega María Casares (nacida na Coruña en 1922 e exiliada en Francia desde 1936), a especialista na súa figura María Lopo, doutora en Literatura Francesa pola Universidade da Alta Bretaña e catedrática de Francés en Galicia, acaba de reeditar ampliada a súa xa referencial monografía “*O tempo das mareas. María Casares e Galicia*”, publicada polo Consello da Cultura Galega, xa accesible en liña: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4446>

Mais tamén vén de editar, cabalmente introducidas e profusamente anotadas, as memorias da artista coruñesa, “*Residente privilegiada*”, publicadas pola Biblioteca del Exilio da Editorial Renacimiento e presentadas na Llibrería Laie de Barcelona por parte da autora, do crítico teatral Joan de Sagarra e do catedrático de Literatura Española Manuel Aznar Soler, fundador e principal promotor do Grupo de Estudios del Exilio Literario (GEXEL), de moi longa e frutífera traxectoria.

Cómpre salientar como marco desta presentación o contexto do Congreso Internacional María Casares, organizado na Universidade Autónoma de Barcelona coa participación de diversos especialistas europeos, comezando pola actriz Esther Lázaro, coordinadora do encontro, e polo citado Manuel Aznar Soler, que forma parte do comité organizador. A propia María Lopo foi a encargada de pronunciar a conferencia inaugural do evento, “Sororidad antifascista en el exilio francés: María Casares y Nina Reicyn”, centrada na relación da exiliada galega e a intelectual xudía que a primeira acolleu na súa casa de París durante a ocupación alemá de Francia ata que a segunda foi detida, deportada e asasinada nun campo de exterminio nazi. No mesmo congreso,

programouse un recital multilingüe do poeta galego Claudio Rodríguez Fer a partir da súa composición “A viaxe vermella (María Casares)”, traducida ao francés por María Lopo e Annick Boilève-Guerlet, contando con lecturas en lingua galega, castelá, catalá, francesa, occitana, italiana, inglesa, grega e rusa a cargo do propio autor, dalgunhas das súas tradutoras e da cantautora catalá Marina Rossell, así mesmo encargada de clausurar o evento cun concerto no Ateneo Barcelonés.

“*Résidente privilégiée*”, memorias de María Casares, publicouse en Francia en 1980 e logo traducíuse ao español e ao galego. Nelas trata moi intensamente da súa infancia en Galicia, na que foi tan feliz sentíndose libre e salvaxe en Montrove e na praia de Bastiagueiro, etapa que María Lopo documentou con detalle no seu citado libro “*O tempo das mareas. María Casares e Galicia*”. Tamén trata con amor, con humor e con dor a súa non menos intensa relación cos seus pais, a proletaria Gloria Pérez Corrales, descendente dunha familia obreira vinculada á Fábrica de Tabacos da Coruña, e o avogado Santiago Casares Quiroga, pertencente a unha familia burguesa, quen chegaría a ser ministro e presidente do último goberno da II República Española antes da guerra civil. María Lopo documentou xa tamén a tan cómplice relación co pai no seu libro “*Cartas no exilio. Correspondencia entre Santiago Casares Quiroga e María Casares*”, que reproduce as vitais cartas de ambos, cheas de graza e ironía malia as dificultades nas que vivían no exilio.

Tamén é importante a relación coa irmá maior, Esther Casares Quiroga, filla do pai, que a tivo durante os seus anos de estudante, pero non da nai. Desta irmá quedará afastada pola guerra, que a sorprendeu en Galicia, onde ficou como refén dos franquistas, mentres que os outros tres membros da familia estaban en Madrid, de onde partiron ao exilio en dúas



Cuberta de *O tempo das mareas. María Casares e Galicia*, de María Lopo

Cuberta de *Residente privilegiada*, de María Casares, en edición de María Lopo

etapas sucesivas. Aínda que a instalación na capital de España foi vista pola nena María Casares como o seu primeiro exilio, alí comezou a formarse nun ensino e nunha cultura republicanos moi avanzados para a época.

Xa en París, comezou moi nova a que será unha longa e exitosa carreira teatral, axiña tamén cinematográfica, das que as memorias dan conta puntual, incluíndo o seu grande amor compartido co escritor Albert Camus, que segundo María Lopo se inspirou no que María Casares lle relatou para a súa novela inconclusa *El primer hombre*. Pero son máis as relacións amicais e amorosas que a actriz relata en relación co teatro e co cine, como a súa amizade con Gerard Philipe, o seu emparellamento con Jean Servais ou o seu matrimonio con André Schlessler, todos coñecidos actores. A súa entrada na Comédie Française e no Teatro Nacional Popular (TNP), dirixido por Jean Vilar, convertérona nun modelo de actriz clásica e comprometida a un tempo, que tampouco renunciou ao experimento vangardista, pois mesmo foi actriz de cine para Jean Cocteau.

Segundo afirma María Lopo na introdución: “*Residente privilegiada* es un ensayo libre, hondo y poliédrico sobre el lugar, una memoria de vida en la que el exilio trasciende la experiencia personal para convertirse en un elemento inherente a la condición humana.” Ademais, para a mesma estudiosa “La lectura del texto revela que este va más allá de una escritura testimonial, y que constituye una «magnífica obra literaria», tal y como ya

afirmaba Alejo Carpentier en el momento de su aparición, aludiendo al dominio de la frase y al poder de expresión de la autora”. E o director de cine Robert Bresson dixo de tales memorias que estaban escritas “en una lengua de una precisión de poeta”, segundo recolle tamén a editora.

Esta capacidade literaria foi ratificada polo seu epistolario, como reivindica tamén María Lopo: “Su correspondencia personal, muy especialmente la intercambiada con su padre (LOPO 2008) o con Albert Camus (CAMUS, CASARÈS 2017), no hace sino confirmar la sensibilidad y la calidad de su relación a la escritura, tan evidente, por otra parte, en su faceta interpretativa, donde el respeto a la palabra del autor es clave en la manera de abordar su propio trabajo actoral.”

Cómpre agradecer, pois, a María Lopo, o seu incansable e perseverante labor de investigación por tantos arquivos de París, de Aviñón, de Normandía e da propia casa de María Casares en La Vergne, que agora lle permitiron realizar tan rigorosa e documentada edición das memorias da actriz, culminando así o excelente labor que xa viña realizando nos seus libros e conferencias, así como comisariando a gran exposición inaugurada na cidade da Coruña en conmemoración do centenario. Un labor exemplar no plano investigador, pero tamén no estético, como revela a súa peza teatral “O meu nome é María Casares”, e no ético, pois con el quixo sempre reivindicar a memoria antifascista do tan brillante como esquecido exilio cultural republicano, indispensable para recuperar a necesaria memoria e a insubornable dignidade do pensamento e da creación en liberdade.



María Lopo ante a casa de María Casares en Alloue, Charente